

UNIÃO LIBRE

CADERNOS DE VIDA E CULTURAS

Núm. 5



2000

CANTARES



EDIÇÕES DO CASTRO

A REPELENTE DE LESLEY GORE QUE NON SE ENTERA DE NADA

Por Kathleen N. March



De feito, era a festa de DeeDee, a miña mellor amiga e non había nada de que chorar aínda, segundo lembro. Mais, en aquel tempo, a miña vida dependía tanto das cancións e tantas de elas falaban de dar cabazas ou de rapazas arrastrándose para recuperar aos seus mozos. As cancións dicíanme que tiña que ter un mozo, de xeito que repasei mentalmente a *pandilla*, achegueime con un «... *lonely, I am so lonely*» á Bobby Vinton, e atopei a Jim. Penso que era ben feitiño e algunhas veces mesmo arrichado, aínda que non tanto como para ser intelixente. Por favor, diso nada. *Eu* si o era. Non precisaba que *el* o fose

Jim tiña o cabelo de cor loira suxa con unha onda moi atractiva caíndo a un lado, e levaba lentes. Os lentes, especialmente uns con un borde escuro, sentábanlle ben. Daban unha sensación de algo escondido, unha sensualidade oculta, se se quere. Nós adolescentes non eramos tan novos como para non descifrar esas cousas. Os lentes facían que Jim tivese un ar pensativo tamén, aínda que non abertamente intelectual. Ha!, nós nunca chegamos a pensar que «intelectual» fose unha opción en aquela idade.

Jim *tiña* que traicionarme, non obstante, se é que ía xogar o seu rol en a canción. Isto non quería dicir que non puidese ser o «Cathy's Clown.» (Asumira ese rol contradictorio aínda que a Cathy da canción escribíase con C. Sentínme afagada cando me enterei da aceptación de Jim, polo seu íntimo amigo George. Parecía que afianzaba as nosas relacións un pouco máis. En aqueles días os roles eran tan importantes.)

Non foi difícil transformar o simples, caladiño Jim(my) en Johnny e, unha vez que desapareceu da miña vista, asignarlle o rol de machiño, o macho de dúas marchas que escapaba pola porta de atrás con Judy, a miña mellor amiga. Xa sabes, como fai Johnny na canción. Por suposto, o nome da miña mellor amiga era DeeDee (coñecida tamén como Diana), como xa dixeran, mais esa sería unha parella completamente imposible. Jim era esteticamente demasiado pequeno para ela e, de calquera xeito, daba a impresión de que George tiña o ollo posto en DeeDee. Jim respertaría isto. Despois de todo, había unhas regras.

Tratando de encontrar outras candidatas que poderían estar con Jim, imaxineime vagamente con quen podería estar de maneira que a canción fixera dano debidamente e agudamente, á maneira como estaba a ser tocada no xiradiscos de Dee. Tentei pór a mirada máis desamparada posíbel, ficando de pé rixidamente, visibelmente soa durante uns longos minutos, mais non demasiado lonxe da parede protectora perto da porta que conducía desde o garaxe, onde a festa tiña lugar, ao interior da casa. Estaba con o ollo aberto ao proxectado regreso do rapaz que se fora con outra rapaza.

Todo estaba listo para que as cabazas chamasen a atención de todos. Os meus nervos estaban como o aceiro, mais o meu beizo inferior tremaba. Unha bágua descía pola miña meixela esquerda. Entón sucedeu. Jim surxiu pola parte de atrás do edi-

ficio, onde seguramente debía haber estado paseando durante o tempo da súa transgresión. Eu sabía que había un amplo patio traseiro e, por riba, unha cortina razoabelmente boa de árbores mestamente apiñados, polo tanto, seguro que se aventurara en aquela dirección cando me estaba a enganar con outra rapaza.

Ollei de novo a *pandilla* de amigos para ver quen máis faltaba e, non obstante, non puiden descubrir quen sería. Con quen estaba o meu mozo? Con quen marchara cando me din volta?

«*You would cry too if it happened to you...*»

Chorarías. Garantízocho que o farías. Si, Jim estaba de volta e, sen embargo, non estaba con outra rapaza. Sorría copiosamente, máis ben sorría de orella a orella, andando garbosamente, como se se houbese apartado uns poucos metros para tomar un par de grandes grolos dun agochado botellín de brandy, como os mozos estaban a facer, só para demostrar que eran mozos. Xa sabes, case homes, peluxe no beizo e todo iso. Eran conscientes de que podían facer calquera cousa que lles petase. Lesley Gore sabía tamén. Iso é porque estaba a cantar «It's my party» — sabía que os rapaces serán rapaces e as rapazas precisan decatarse diso. Oh, eu ben que o fixen. Aínda que non tiña ningunha proba, no tempo que el non estivo connosco eu sabía perfectamente que Jim estaría facendo algo malo. Desaparecera no intre mesmo en que a canción dicía que el choraría, e eu quedeime chorando mentres os outros seguían a tocar os meus (de Dee) discos e bailando toda a noite. (*Oh, leave me alone for a while...*)

Odiei a esa cadela de Gore xusto entón. En ese momento de súpeto ocorréuseme. Non faltaba ningunha outra rapaza da nosa *pandilla*, ningunha en absoluto. Naturalmente tamén era moi probábel que Jim tivera marchado só, simplemente para tomar un pouco de ar fresco. Eu, a súa moza, a quen lle dera cabazas cruelmente e debidamente, tiña que o admitir. Despois de todo, a tarde de xuño era inusualmente cálida e a xente estivera a bailar como para romper a orquestra. Así que aí estaba eu, desgarrada vendo as prediccións frustradas de aquela maldita Lesley Gore, e non obstante tamén exultante polo feito de que Jim era (aparentemente) aínda meu. Até que vin o seu brazo esquerdo enlazado con o de George, a súa mao dereita no pulso do outro.

Jim colleume mirándoo e pareceu sorprendido, soltou o seu brazo bruscamente. Debeu ter pensado que ninguén se decatara antes de el chegar ao garaxe. Calculouno mal. Até o fondo. Realmente enfadeime e sentínme ferida. Non se largara da festa con Judy ou con DeeDee ou con calquera outra rapaza. Largárase con George. O mellor amigo? Ha!

Fiquei sen posibilidade de lamentarme publicamente da conducta trampulleira do meu mozo, e Jim sabía.

Cando tentei actuar friamente con el saíume bastante ben, de xeito que cando

«...I kissed some other gu-uy,»

foi xustamente como a canción de aquela badueira de Gore:

«Johnny jumped up and he hit him...»

Aínda que probabelmente quixo pegarme por bicar a quen pensou que era un macho tan atractivo, e eu puíden comprobar que el estaba moi complacido de que alomenos puidese xogar ben *ese* rol e posar de mozo ciumento. Aínda que non me quixera.

Posto que fixo un traballo tan bo seguindo o guión ao pé da

letra (ou máis precisamente, a letra da canción) eu simplemente volví con el porque non quería causar máis líos outra vez. As rapazas fan iso tan a miúdo. Causar líos, quero dicir.

«So now it's Judy's turn to cry, Judy's turn to cry,
Judy's turn to cryy-yayay, 'cuz Johnny's come back to me.»

E é o meu turno de chorar tamén, porque a miña versión de Johnny —Jim— volveu a min.

(Traducción do orixinal inglés: **Luís Martul**)